

## MESA SECTORIAL DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2020

**1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE DO .... DE .... DE 2020 POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 24 DE FEBREIRO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCAN PROCEDIMENTOS SELECTIVOS DE ACCESO AO CORPO DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN, AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, AO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS E AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, E DE INGRESO AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, AO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, AO CORPO DE PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, AO CORPO DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, AO CORPO DE MESTRES E PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES POLO FUNCIONARIO DE CARREIRA DOS CORPOS DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E MESTRES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (código de procedemento ED001A)**

Comeza a súa intervención a Administración lembrando os motivos polos cales optou finalmente polo aprazamento da convocatoria de oposicións correspondente á Oferta de Emprego Público 2020. Basicamente, debido á imposibilidade de desenvolver todos os prazos administrativos derivados da publicación da convocatoria unha vez que se levante a restrición dos mesmos e tras as sucesivas ampliacións da situación de estado de alarma.

A decisión de aprazar as oposicións do 2020 ao ano 2021 supón un problema que afecta especialmente á comunidade autónoma de Galicia por dous motivos diferenciais co resto de comunidades e que basicamente son:

1.- O feito de que a nosa comunidade convoque no mesmo ano prazos de varios corpos, a diferenza doutras comunidades, que alternan convocatorias correspondentes ao corpo de mestres con convocatorias de prazos dos restantes corpos.

2.- As convocatorias de oposicións en Galicia están “ao día”. É dicir, a orde de convocatoria do 24 de febreiro de 2020 (publicada o pasado 13 de marzo) corresponde a prazos da Oferta de Emprego do ano 2020 mentres que noutras comunidades a convocatoria publicada este ano corresponde a ofertas de emprego público do ano 2019 ou mesmo anteriores.

Por outra banda, o Ministerio de Educación está a traballar nun borrador de modificación do Real Decreto 84/2018 para ampliar ás ofertas do ano 2020 o recollido na disposición transitoria terceira do mesmo e que establece unhas indicacións para as ordes de convocatoria de procesos selectivos de ditas ofertas diferentes ás recollidas no Real Decreto 276/2007 de acceso.

De aprobarse esta modificación suporía que as ordes de convocatoria correspondentes á OPE 2020 e á OPE do 2021 terían que rexirse por sistemas normativos diferentes e, polo tanto, non se poderían acumular as prazos da OPE 2020 a unha oferta de prazos 2021. A Administración educativa galega foi a única que solicitou ao Ministerio unha ampliación da transitoria recollida no R.D 84/2018 ás convocatorias do 2021 o que posibilitaría a acumulación de prazos da oferta do 2020 na convocatoria de oposicións do 2021 e, por tanto, facer un único proceso para ambas ofertas. O Ministerio non aceptou esta petición.

Por outro lado, a Administración considera inviable realizar as probas dun proceso selectivo noutras datas que non sexan fora do horario lectivo e máis aínda no vindeiro curso no que o primeiro e segundo trimestres terán unhas condicións especiais derivadas do remate do actual e “especial” curso 2019-2020. Descarta, polo tanto, realizar as probas das oposicións 2020 noutras datas que non sexan xuño/xullo do ano 2021.

Con toda a situación descrita anteriormente a Administración galega vese no problema de que en xuño/xullo do 2021 non podería levar a cabo unha única convocatoria que acumulase as prazas da OPE 2020 coas prazas da OPE 2021 (debido á imposibilidade normativa anteriormente exposta) e tampouco podería simultanear dúas convocatorias diferentes (unha das prazas do 2021 e outra de prazas do 2020) xa que como moito, podería ofertar as dúas ou tres especialidades que non se convocan na oferta deste ano 2020.

Ante a problemática e o panorama anteriormente exposto, a Consellería de Educación opta por propor a apertura de prazos de solicitude para a orde de convocatoria do 24 de febreiro cando se levante a restrición de prazos administrativos por parte do goberno central. Esta decisión está pensada **para tratar de blindar xurídicamente** ao máximo posible as prazas convocadas no 2020 tendo en conta sempre que non é posible ter a seguridade xurídica absoluta e plena. Sen embargo, os antecedentes xurídicos que a Administración puido atopar en situacións semellantes optaron polo mantemento das convocatorias xa publicadas sempre e cando estas constituísen un acto declarativo de dereito (feito que, segundo unha sentenza do Tribunal supremo do ano 2019, sería no momento en que finalizase o prazo de presentación de solicitudes).

Isto implicaría para a Administración non poder facer no ano 2021 procesos selectivos correspondentes á Oferta de Emprego Público 2021. Sen embargo, no Decreto no que se aprobe a oferta de emprego 2021 se indicaría que se acumularía á OPE 2022 e, polo tanto, os procesos selectivos realizados no ano 2022 incluírían ambas ofertas de emprego e Galicia volvería estar novamente ao día.

Pola nosa parte, desde ANPE Galicia sempre avogamos por amplas ofertas de emprego público, se ben neste caso concordamos na necesidade derivada da situación sanitaria e da falta de garantías de saúde á marxe da imposibilidade de levar a cabo os prazos administrativos derivados da convocatoria en tempo, de aprazar a celebración das probas ao ano 2021. A nosa organización sindical considera que, **baixo ningunha circunstancia, se pode permitir a perda das prazas convocadas pola Oferta de Emprego 2020**. Para nós a situación ideal sería que legalmente se puidesen acumular a OPE 2020 e a OPE do 2021 e facer unha convocatoria única para ambas ofertas. Isto pasaría polo feito de que o Ministerio de Educación aceptase ampliar o recollido no Real Decreto 84/2018 ás ofertas do exercicio 2021 polo que, solicitamos e consideramos que a Consellería debería volver presionar ao Goberno Central neste sentido. Desde logo, as Organizacións Sindicais faremos o propio tamén desde as nosas estruturas centrais. Creemos que debemos darnos unha marxe de tempo para poder agardar a unha resposta do Goberno central a estas peticións antes de publicar a modificación da Orde que se negocia hoxe na Mesa e polo tanto para a apertura de prazos. Obviamente, e incidindo de novo en que a nosa organización non permitirá a perda das prazas convocadas, no caso de que o Ministerio manteña a súa postura estamos dacordo na publicación da modificación da Orde de convocatoria cando a normativa do Estado de Alarma o permita.

## 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Desde ANPE Galicia preguntamos á Administración pola convocatoria de prazas para o acceso ao corpo de cátedras. **A Administración resposta que a convocatoria segue adiante e se publicará no Diario Oficial de Galicia cando os prazos administrativos se reactiven.**
- Desde ANPE Galicia demandamos á Consellería que reactive os chamamentos para a cobertura de substitucións do profesorado.
- Demandamos a publicación da Orde de renovación de direccións dos centros públicos. **A Consellería comunica que a orde será publicada.**
- Solicitamos aclaracións sobre a planificación que ten a Consellería sobre as convocatorias pendentes unha vez se reactiven os prazos administrativos. **A Consellería resposta que todas aquelas convocatorias que se poidan levar a cabo obviamente se levarán a termo. O que está claro é que hai algunha convocatoria en concreto, como pode ser a correspondente ao PIALE, que caen por si soas xa que a actual situación non permite os movementos e viaxes mesmo fora da propia provincia.**
- Criticamos abertamente o aumento de carga de traballo burocrático que supón a publicación das instrucións para a 3ª avaliación e máis despois de que a propia Conselleira de Educación fixese publicas unhas declaracións incidindo en que en ningún caso suporía carga deste tipo para o profesorado que xa está a facer un esforzo importante para adaptarse á situación actual.
- Sen embargo queremos que se dea traslado do noso agradecemento a todo o persoal que traballa na Unidade de Atención a Centros polo seu esforzo e axuda a todo o profesorado.
- Solicitamos que se traten de resolver dúbidas no relativo a unha posible volta ao funcionamento dos centros educativos: Funcionarán servizos como transporte, comedores?, que alumnado poderá volver ás aulas, de que idades, en que condicións?, haberá cambio de libros de texto?, procesos de admisión de alumnado? etc. **A Administración indica que non pode concretar nada xa que nin sequera hai nada publicado no BOE ao respecto.**
- Solicitamos unha aclaración a si, tal e como parece, as instrucións publicadas en relación ao terceiro trimestre permiten a permanencia do alumnado que supera os 20 anos en Centros de Educación Especial. **A Administración resposta que non está nada recollido explicitamente máis aló da prórroga de permanencia establecida para alumnado que teña que repetir nos estudos terminais.**
- Desde ANPE Galicia denunciemos a situación de que hai profesorado con contrato para plan ARCO que pasan a ocupar postos de titoría de grupo por xubilación do titor/a titular pero para os que a Administración non lles cambia o tipo de contrato. Consideramos que se fan as tarefas de titor/a deben cobrar como tales.
- Por último, e de novo **ante unha posible incorporación e apertura dos centros educativos esiximos o establecemento dun Protocolo de actuación claro e detallado así como dun Protocolo de Protección de toda a Comunidade Educativa e de dotación dos medios e recursos de protección necesarios.**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 15:00 horas.